

Mulleres do rural galego, protagonistas do proxecto de arte urbana máis grande do mundo

Un cento de fotografías de gran tamaño instalaranse na Facultade de Belas Arte, na Casa das Campás e na Casa Consistorial de Pontevedra para reivindicar o rol das habitantes das vilas e aldeas na historia e cultura galega

Pontevedra, 10 de marzo

Un cento de retratos fotográficos, impresos a gran tamaño e colocados na fachada da Casa Consistorial, da Facultade de Belas Artes, da Casa das Campás e no chan da Praza de España de Pontevedra, visibilizarán e reivindicarán o esquecido e mesmo desprezado rol das mulleres do rural galego no sostemento do desenvolvemento colectivo. Trátase do principal obxectivo do “Inside Out: Mulleres [Rur]Urbanas”, unha proposta de intervención artística xurdida do impulso de 7H Cooperativa Cultural en colaboración coa Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo e a concellaría de Igualdade do Concello de Pontevedra coa vontade de apoderar ás mulleres das aldeas e vilas da provincia.

A iniciativa, que verá á luz o xoves 12 de marzo, insírese dentro das accións promovidas polo proxecto colectivo de arte urbana máis grande do mundo, o [Inside Out Project](#), creado en 2011 polo [recoñecido artista francés JR](#) e desenvolto en máis de 1.801 localizacións de 142 países co propósito de transformar o espazo público a partir da utilización da arte de rúa como unha ferramenta de expresión comunitaria. Fiel a este espírito, o grupo de acción artística pontevedrés, conformado por 35 estudantes de Belas Artes coordinados por artistas de 7H, trae por primeira vez a Galicia a iniciativa co fin de reivindicar a importancia do colectivo na construción identitaria e de introducir a idiosincrasia do rural e das mulleres que o habitan en espazos reservados tradicionalmente aos sectores masculinos, ilustrados e urbanos da sociedade.

Desde o pasado mes de outubro, o alumnado realizou un traballo de recollida de testemuños dun centenar de mulleres de diversas idades e ocupacións da provincia de Pontevedra, ás que posteriormente retratou tentando captar a forza das súas historias de vida. O resultado deste labor de diálogo e descuberta interxeracional desvelarase o vindeiro xoves, cando as fotografías dos rostros das mulleres retratadas, impresas en branco e negro en formato póster, se colocarán nas paredes exteriores da Facultade de Belas Artes; nas ventás do edificio da Casa Consistorial; no enlousado da Praza de España e na vidreira da Casa das Campás.

A instalación, nada cunha duración deliberadamete efémera, iniciaráse arredor das 8:30 da mañá e finalizará sobre ás 18:00h da tarde coa presenza dalgunhas das mulleres retratadas. Previamente, ás 12:30h realizarase unha presentación do proxecto ante a prensa na Praza de España na que intervirán representantes da concellería de Igualdade, a Unidade de Igualdade da Universidade de Pontevedra, da equipa de 7H e do alumnado participante. Todo o proceso será documentado e compartida tanto as redes sociais coma na propia plataforma web do Inside Out Project, na que se compilan todas as accións desenvoltas no seu marco.

Pontevedra, na vangarda da arte urbana internacional

Co desenvolvemento do “Inside Out: Mulleres [Rur]Urbanas”, Pontevedra pasará a formar parte dunha plataforma global na que calquera colectivo que o desexe pode converter o espazo público no seu soporte de expresión. Gañador do TED PRIZE en 2011, Inside Out

Project leva nove anos convertendo ás rúas de medio mundo en galerías de arte ao arte libre través de procesos participativos baseados no uso da fotografía. Edificios, muros e espazos singulares de cidades de cidades como Shangai, Nova Iorque, Berlín, Los Ángeles, Belén ou La Habana acolleron a instalación de fotografías de rostros, anónimos e expresivos, transformadas en vehículos de todo tipo de preocupacións e demandas: desde a esperanza da reconciliación en comunidades atravesadas por conflitos civís até demandas de dereitos laborais ou lembranzas de tempos pasados.